



**Dirección Xeral de Formación Profesional**  
**Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia**

**MD85PRO01**

# Programación

**Centro: CMUS Profesional de Santiago de Compostela**

**Materia/disciplina: TROMBÓN**

**Curso: 2022 - 2023**



## Índice

---

1	Introdución.....	4
2	Metodoloxía.....	4
3	Atención á diversidade.....	5
4	Temas transversais.....	5
	Educación en valores.....	5
	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	6
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	6
6	Secuenciación do curso.....	7
	Curso: 1º de EE.EE.....	7
	Curso: 2º de EE.EE.....	14
	Curso: 3º de EE.EE.....	20
	Curso: 4º de EE.EE.....	28
	Curso: 1º de EE.PP.....	36
	Curso: 2º de EE.PP.....	44
	Curso: 3º de EE.PP.....	54
	Curso: 4º de EE.PP.....	63
	Curso: 5º de EE.PP.....	72
	Curso: 6º de EE.PP.....	82
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	91
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	91
9	ANEXOS.....	92
	Rúbricas.....	92
	Probas de acceso 1º de grao profesional.....	108
	Probas de acceso a 2º EE.PP.....	110
	Probas de acceso a 3º EE.PP.....	112
	Probas de acceso a 4º EE.PP.....	114
	Probas de acceso a 5º EE.PP.....	116
	Probas de acceso a 6º EE.PP.....	118
	Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	120

## Introdución

---

A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Filarmonía de Galicia, con un nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable. Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

### Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

## Metodoloxía

---

Como docentes debemos guiar, orientar, sermos asesores, darmos solucións concretas a desafíos técnicos e estilísticos, propoñermos opcións e non impoñer sempre criterios. Por iso, empregamos diferentes opcións metodolóxicas. Organización do tempo e do espazo.

Débese centrar e reflectir a distribución do tempo con relación ao tipo de actividades a realizar, distribuíndo a orde lóxica e coherente que deben manter para unha co-recta evolución do instrumentista, secuenciándoo (orde que deben seguir para xerar aprendizaxes íntegros).

En primeiro lugar realizarase unha avaliación diagnóstica para coñecer as capacidades e coñecementos previos do estudante, para abordar de forma progresiva a adquisición de aprendizaxes.

Pode ser moi apropiada a práctica colectiva para fortalecer obxectivos relacionados coa práctica con máis músicos.

Cada clase constará de tres fases, nas que se distribuirán os contidos:

- Exercicios de técnica (posicións fixas, traballo de afinación, dinámicas, trinos, exercicios de boquilla, exercicios de práctica dos tipos de respiración, etc.).
- Práctica dos correspondentes métodos e concertos en relación coa evolución técnica do alumnado.
- A terceira parte desenvolverase e promoverase en función da evolución concreta de cada alumno ou alumna:
  - o escoita ou debate crítico dalgunha gravación de grandes intérpretes ou do propio alumno (é moi importante o hábito de gravar asiduamente os estudos e concertos do propio estudante, imprescindible para a corrección de erros e o control total da evolución interpretativa).
  - o Lectura a primeira vista.
  - o Exercicios de memorización.
  - o Traballo específico sobre o repertorio das audicións. Aprender a estudar.

## Atención á diversidade

---

O alumnado do conservatorio habitualmente esta dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular, que e o conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun discente ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presenten no aula, o docente poderá plantexar as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico.
- Variacións da metodoloxía.
- Propoñer actividades de traballo alternativas.
- Organizar o traballo de forma flexible.

**Acelerar ou frear o ritmo de novos contidos** As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na páxina súa páxina web.

## Temas transversais

---

Serán tidos en conta tanto a educación en valores como o tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación.

### Educación en valores

A música, no dobre aspecto de ciencia e arte, contribúe ó desenvolvemento no plano intelectual á vez que no plano emocional/afectivo coma xeito de expresión persoal e interrelación cos demais. Por todo elo posúe un gran potencial no desenrolo do equilibrio persoal e na formación de hábitos de escoita, tolerancia e respecto cara aos demais e cara ao entorno. Neste sentido, a lei educativa actual suscita a educación en valores, dende todas as actividades do centro, partindo dunha formulación dos contidos ou eixos transversais que, sen adxudicarse a ningunha disciplina, é necesario que estean presentes no currículo para alcanzar a formación integral da persoa. Estas cualidades intrínsecas da práctica e do coñecemento da música concrétanse do seguinte modo nos eixos transversais do currículo:

a) EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA E EDUCACIÓN PARA A PAZ: aceptación e recoñecemento dos demais a través do fomento das actividades en grupo e mellora do coñecemento de outras culturas a través da súa música.

b) A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: a práctica da música contribúe ó establecemento de hábitos de hixiene física e mental, xa que fomenta un desenvolvemento persoal equilibrado, a creación de novas vías de comunicación e a tendencia a perseguir a consecución dun ámbito que contribúa ao benestar. O primeiro aspecto cóidase de xeito específico nos contidos que fan referencia á educación da voz e corrección postural requirida tanto no canto coma no movemento e a danza. De xeito global, a música contribúe tamén ao equilibrio persoal na medida que se fomenta a comunicación e se canaliza o desenvolvemento da expresividade, afondando no propio coñecemento e aceptación.

c) A IGUALDADE ENTRE AMBOS OS DOUS SEXOS: no mundo musical evidéncianse ás veces actitudes estereotipadas acerca dos roles masculino e feminino, orixinadas na marxinación histórica -e obsoleta- da muller nos campos que supoñen unha proxección social. Os materiais desta programación non dan cabida a ningún tipo de discriminación relacionada co sexo, nin na elección ou atribución dun instrumento para realizar unha interpretación, nin na distribución de tarefas de cara a crear unha coreografía, nin na composición e improvisación.

d) EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR: o mercado relacionado co consumo da música move un considerable volume económico, sendo o alumnado desta etapa un gran consumidor de produtos musicais. Polo tanto, é importante que adquira criterios de optatividade e de calidade que lle permita consumir de forma libre e razoada. Os materiais presentan un abano amplo de estilos musicais, asociados todos eles a unhas

actividades que axudan ao alumnado a descubrilos e aprecialos.

e) EDUCACIÓN AMBIENTAL: é necesario concienciar o alumnado fronte á presenza

indiscriminada e abusiva -a miúdo inútil e ademais, agresiva- do son no ámbito, fomentando a formación dunha actitude consciente e crítica.

## Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regulalas, e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

1. Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
2. Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguemento) agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
4. Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguemento ou avaliación do alumnado, deberáse pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
5. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

## Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ao ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro (Auditorio, Biblioteca, etc.) e polos proxectos didácticos en colaboración con outras institucións. Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases de trombón, complementándoo con actividades o máis variadas posibles, que poñan en contacto ao alumnado coa realidade musical no sentido máis amplo, á vez que lles permitir conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo.

Para que estas actividades teñan o máximo aproveitamento, debe realizarse unha adecuada planificación. Por esta razón deben estar incluídas na programación de trombón.

A continuación relaciónase unha clasificación destas actividades:

- 1.- Organizadas polo Departamento de Vento-Metal.



- Audicións e concertos de alumnado no Auditorio do Centro ou fora das instalacións, celebración de cursos de trombón ou relacionados coa especialidade, dentro e fóra do centro, visitas a luteriers, solistas, participación en clases maxistras, etc.

2.- En colaboración con outros Departamentos.

- Participación en audicións con alumnos doutras especialidades. 3.- Organizadas polo Conservatorio.

- Exposicións, visitas, intercambios con outros Conservatorios, revista do Centro, participación concertos en actos académicos ou de homenaxe.

4.- En colaboración coa ANPA.

- Concursos, concertos organizados pola ANPA, viaxes de estudos, etc.

5.- Asistencia a concertos por determinar na Círculo das Artes, Auditorio de Galicia e Coliseum/auditoría da Coruña ou outras salas culturais do entorno. Orzamento e datas a determinar.

- Asistencia e participación a cursos organizados por outras entidades coma a Asociación Yotrombón, con mestres de recoñecido prestixio. Orzamento e datas a determinar.

- Participación en concertos organizados pola Aula de trombón na cidade ou por outras entidades: Asociación Yotrombón, en colaboración coa Escola de Música de Lugo, etc. Orzamento e datas a determinar.

.....

## Secuenciación do curso

---

### Curso: 1º de EE.EE.

#### 1.1.1. Obxectivos

- O ensino da materia de trombón no grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:
- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas dúas mans.
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir automaticamente a afinación das notas e a calidade do son.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas utilizar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

### 1.1.2. Contidos

- Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar, ademais dunha correcta posición corporal para unha adecuada iniciación instrumental.
  - Fortalecemento dos músculos faciais, mediante exercicios propostos polo docente.
  - Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade de son no rexistro medio do trombón
    - Estudos de emisión do son, relacionado cunha correcta embocadura e unha boa respiración.
    - Explicación e traballo dos principios básicos de dixitación no rexistro programado para este nivel.
      - Práctica de escalas e arpexios: ReM e Rem
      - Práctica das articulacións, traballando escalas e intervalos con diferentes articulacións.
      - Traballo da dinámica, comezando a diferenciar os matices: p e mf
      - Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos, coa práctica de intervalos ligados e/ou con posicións fixas. Neste nivel serán intervalos de 2ª M e m ligado e picado.
        - Estudo da boquilla con exercicios propostos polo docente, adecuados ás características do alumnado, no caso de ser necesario.
          - Adestramento permanente e progresivo da memoria.
          - Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
          - Lectura á vista de obras ou fragmentos sinxelos.
          - Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.), para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
            - Interpretación de pezas e estudos que engloben os aspectos técnicos e musicais tratados anteriormente.
            - Práctica dunha selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica de conxunto nas colectivas para favorecer a escoita dos compañeiros e de un mesmo dentro do grupo.



### 1.1.3. Avaliación

Ao comezo do curso o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial para identificar as eivas na súa formación —obxectivos non acadados e contidos non traballados—.

Froito da análise da avaliación inicial, os resultados serán reflectidos no caderno do profesor. Aquelas aprendizaxes non acadadas serán incorporadas e tentaranse desenvolver nas primeiras etapas do curso. Á súa vez, a avaliación inicial será tida en conta na primeira avaliación en canto á superación o non das carencias detectadas. No caso de que non se produza esa superación e normalización, deberá figurar nos informes da avaliación trimestrais e o docente poderá estender este proceso na segunda e/ou na avaliación final.

#### Criterios de avaliación

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu nivel.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.

#### Mínimos esixibles

Os seguintes aprendizaxes esenciais, considerados mínimos esixibles para a superación do curso, serán empregados no proceso de avaliación.

Criterios de avaliación	Mínimo exixible	Criterio de cualificación
Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.	Tocar 3 fragmentos por avaliación curtos mantendo o pulso, nun rexistro medio: entre Do 2 a Do 3 para trombón; entre Sib 2 e Sib 3 en trombón. Tempo: negra = 60, figuras de brancas e negras. Tonalidade de Do Maior para trombón e Fa maior para trombón.	10%
Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu nivel.	Interpretar 2 exercicios técnicos por avaliación propostos ao longo do curso de memoria. Interpretar os estudos mantendo o discurso (ver *).	20%

Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.	Interpretar unha obra por avaliación adaptada ao nivel, como mínimo, nunha audición ou proba. Empregar as articulacións, as dinámicas e o tempo como primeiros elementos diferenciadores de estilo.	20%
Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.	Recoñecer e describir na interpretación de outros compañeiros as variacións de dinámica, respiración, calidade do son e a precisión na emisión. Verbalizar suxestións básicas que axudarían a mellorar esa interpretación.	10%
Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.	Empregar a técnica básica do instrumento: respiración, embocadura, emisión do son, posición do corpo, son, flexibilidade, afinación, etc. Preparar na casa cada clase, seguindo as pautas marcadas: tempo de estudo, dedicación a cada apartado, e observarse na clase a preparación da mesma. Traer de forma regular o material, instrumento e ter coidado do mesmo, con orde e limpeza. Cubrir de forma ordenada e precisa, con axuda dos pais, o diario de estudo.	10%
Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.	Interpretar unha obra por avaliación adaptada ao nivel, nunha audición ou proba, respetando a partitura e con un son en xeral homoxéneo e estable.	20%
Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.	Participar nas dinámicas de aula da clase colectiva: exercicios técnicos e ensaios colectivos. Preparar na casa a súa parte para non entorpecer o ensaio do grupo.	10%

#### EXERCICIOS DE TÉCNICA XERAL:

- Práctica dos primeiros sons coa boquilla, relacionando co son do trombón.
- Coñecemento sobre a suxeición e posición correctas do instrumento
- Práctica da flexibilidade básica: en posición fixa.
- Práctica de escalas: ReM e Rem
- Práctica da escala cromática dentro das posibilidades do alumnado.
- Práctica de ritmos e melodías improvisadas individuais e en grupo.
- Práctica de exercicios simples encamiñados á respiración.

#### MÉTODOS E ESTUDOS:

Aprende tocando o trombón de Peter Wastall.

Escoitar, leer e tocar 1º libro de Jaske.

Secuenciado de maneira personalizada ó longo de todo o curso. A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do alumnado, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

- escoitar, leer e tocar 1: leccións 1 a 10
  - Aprende tocando o trombón. Peter Wastall (unidades 1-8 coas pezas de concerto)
- OBRAS CON ACOMPAÑAMENTO DE PIANO (unha por trimestre)
- pezas de concerto (1-8).....Peter Wastall

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
1. Observación directa	Caderno de aula, rúbrica/táboa de cotexo
2. Realización de audicións ou probas específicas	

- Exame ordinario (xuño; recuperación).
- Convocatoria extraordinaria.

#### Actividades e a súa distribución temporal.

- 1ª avaliación:
  - Mínimo unha audición ou proba específica.
- 2ª avaliación:
  - Mínimo unha audición ou proba específica.
- 3ª avaliación:
  - Mínimo unha audición ou proba específica.

#### Criterios de cualificación

A cualificación represéntase mediante unha cifra comprendida na escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para promocionar ó curso seguinte se deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada mínimo exixible. Ou acadar o 5 no exame de xuño ou no exame extraordinario.

Faltas de asistencia: a criterio do docente, considérase que non conta con datos suficientes para avaliar, o alumno ou alumna persoa ten dereito ao exame ordinario.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- Para acadar unha cualificación de 5, observarase a consecución dun 5 en cada mínimo exixible.

- A non consecución dos mínimos esixibles implicará unha cualificación graduada inferior a 5.
- Cada avaliación ten un peso igual na nota final.

#### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en:

Interpretación, no instrumento da especialidade a que se opte, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista propostos polo profesor.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

#### 1.1.4. Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

##### Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da

aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

#### Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá en:

- 10%: Tocar 3 fragmentos curtos mantendo o pulso, nun rexistro medio: entre Do 2 a Do 3 para trombón; entre Sib 2 e Sib 3 en trombón. Tempo: negra = 60, figuras de brancas e negras. Tonalidade de Do Maior.
- 40%: Interpretar dous estudos do curso mantendo o discurso.
- 40%: Interpretar unha obra e empregar as articulacións, as dinámicas e o tempo como primeiros elementos diferenciadores de estilo e respetando a partitura, con un son en xeral homoxéneo e estable.
- 10%: Verbalizar despois de tocar suxestións básicas que axudarían a mellorar esa interpretación.

Os criterios de cualificación de dita proba serán...

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

#### Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación de xuño, terá a opción de facer a proba extraordinaria na que terá que examinarse dos contidos ex-postos no informe de avaliación negativa que se lle facilitará anexado ao boletín in-formativo de cualificacións finais do correspondente curso no que está matriculado.

Criterios de cualificación para a proba da convocatoria extraordinaria

A cualificación represéntase mediante unha cifra comprendida na escala numérica de

1 a 10, sen decimais. Para promocionar ó curso seguinte se deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

-Para acadar unha cualificación de 5, se observará a consecución dos mínimos exixibles.

-A non consecución dos mínimos exixibles implicará unha cualificación graduada inferior a 5.

A cualificación farase mediante a avaliación da proba atendendo ao grao de consecución dos obxectivos e mínimos esixibles, que determinarán a cualificación no porcentaxe dun:

- 10%: Tocar 3 fragmentos curtos mantendo o pulso, nun rexistro medio: entre Do 2 a Do 3 para trombón; entre Sib 2 e Sib 3 en trombón. Tempo: negra = 60, figuras de brancas e negras. Tonalidade de Do Maior.

- 40%: Interpretar dous estudos do curso mantendo o discurso.

- 40%: Interpretar unha obra do curso e nivel e empregar as articulacións, as dinámicas e o tempo como primeiros elementos diferenciadores de estilo e respetando a partitura, con un son en xeral homoxéneo e estable.

- 10%: Verbalizar despois de tocar suxestións básicas que axudarían a mellorar esa interpretación.

### 1.1.5. Recursos didácticos

A selección do repertorio faise de acordo ao nivel do alumnado, facilitándolle o seu progreso dentro do proceso de enseñanza-aprendizaxe.

## Curso: 2º de EE.EE.

### 1.1.6. Obxectivos

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas dúas mans.
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir automaticamente a afinación das notas e a calidade do son.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas utilizar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

### 1.1.7. Contidos

- Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Fortalecemento dos músculos faciais.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son.
- Estudos de emisión do son.
- Principios básicos de dixitación.
- Práctica das articulacións.
- Traballo da dinámica.
- Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas.
- Estudo da boquilla.
- Utilización de instrumentos afíns que, por tamaño, faciliten a posterior aprendizaxe da trombón.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura á vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.), para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Selección progresiva canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica de conxunto.

### 1.1.8. Avaliación

Ao comezo do curso o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial para identificar as eivas na súa formación —obxectivos non acadados e contidos non traballados—.

Froito da análise da avaliación inicial, os resultados serán reflectidos no caderno do profesor. Aquelas aprendizaxes non acadadas serán incorporadas e tentaranse desenvolver nas primeiras etapas do curso. Á súa vez, a avaliación inicial será tida en conta na primeira avaliación en canto á superación o non das carencias detectadas. No caso de que non se produza esa superación e normalización, deberá figurar nos informes da avaliación trimestrais e o docente poderá estender este proceso na segunda e/ou na avaliación final.



### Criterios de avaliación

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu nivel.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.

### Mínimos esixibles

Os seguintes aprendizaxes esenciais, considerados mínimos esixibles para a superación do curso, serán empregados no proceso de avaliación nun escenario de ensinanza presencial. No caso de ser preciso afrontar un contexto educativo semi-presencial ou non presencial, estes mínimos deberán adaptarse, minorándose de ser o caso, ás circunstancias particulares do alumnado. De esta maneira, e de sufrir unha mingua, deberán ser obxecto da oportuna recuperación durante a primeira avaliación do seguinte curso.

Criterios de avaliación	Mínimo exixible	Criterio de cualificación
Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.	Tocar un mínimo de 3 fragmentos por avaliación curtos, de ata 8 compases, a 60 de velocidade, respetando alturas, ritmo e con un tempo practicamente estable. Empregarase a combinación de figuras en unha tesitura media: de Do 2 a Do 3 para trombón; de Sib 2 e Sib 3 en trombón.	10%
Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu nivel.	Interpretar 2 exercicios técnicos propostos por avaliación de memoria. Interpretar as escalas maiores a unha oitava de Do Maior e Fa M para trombón e Fa M e Sib M para trombón: tempo negra = 60, figura de branca. Legato. Tesitura: trombón, La1 - Re3; trombón: La2 - Sib3. Sen erros nin paradas. Interpretar os estudos mantendo o discurso, con articulacións e dinámicas fixadas (ver *).	20%
Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.	Interpretar unha obra por avaliación adaptada ao nivel, como mínimo, nunha audición ou proba. Empregar as articulacións, as dinámicas e o tempo como elementos diferenciadores de cada estilo.	20%

<p>Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.</p>	<p>Recoñecer en 1 obra por avaliación escoitada, ao menos dúas gravadas o unha en directo, do seu instrumento, trazos técnicos básicos: dinámica, afinación, tempo, son, afinación e emisión do son son.          Describir de maneira básica os trazos característicos referidos a aspectos técnicos.          Aportar suxestións que debe integrar na súa interpretación a partir do que escoitou.</p>	10%
<p>Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.</p>	<p>Interpretar a técnica básica con progresión continua en canto a rexistro, son e articulación (rexistro para trombón: Do 2 ata Mi 3; rexistro para trombón: Fa 2 ata Sib 3): exercicios de flexibilidade, negra = a 60, figura de branca, negra, legato; exercicios rítmicos, con negra = a 60, de negra con tempo estable e son bonito.          Traer de forma regular o material e instrumento e ter coitado do mesmo, con orde e limpeza.          Demostrar unhas pautas de estudo ordenado.</p>	10%
<p>Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.</p>	<p>Interpretar en público 1 obra curta por avaliación, unha de memoria, en audición o proba técnica diferentes, do nivel, con seguridade, precisión e control.          Conseguir manter un tempo estable, un son non nasal de forma maioritaria e sen que se aprecien dubidas constantes en canto á estrutura ou ás notas.</p>	20%
<p>Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.</p>	<p>Participar nas dinámicas de aula da clase colectiva: exercicios técnicos e ensaios colectivos.          Preparar na casa a súa parte para non entorpecer o ensaio do grupo.</p>	10%

#### EXERCICIOS DE TÉCNICA XERAL:

- Práctica de sons longos como traballo determinante na produción dun bo son.
- Coñecemento sobre a suxeición e posición correctas do instrumento
- Práctica da flexibilidade básica: en posición fixa.
- Práctica de escalas maiores coas súas relativas menores, e ademais da práctica da memoria.
- Práctica da escala cromática no rexistro medio-agudo do trombón
- Práctica de ritmos e melodías improvisadas individuais e en grupo.
- Práctica de exercicios simples encamiñados á respiración propostos polo docente

#### MÉTODOS DE ESTUDO

Aprende tocando el trombón de Peter Wastall

Escoitar, leer e tocar 1º libro de Jaske

Secuenciado de maneira personalizada ó longo de todo o curso. A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do alumnado, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

- escoitar, leer e tocar 1: leccións 11 a 20
- Aprende tocando o trombón. Peter Wastall (unidades 9-16 coas pezas de concerto)
- Exercicios seleccionados polo docente do Método para trombón de J.B Arbans.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
1. Observación directa	Caderno de aula, rúbrica/táboa de cotexo
2. Realización de audicións ou probas específicas	

- Exame ordinario (xuño; recuperación).
- Convocatoria extraordinaria.

#### Actividades e a súa distribución temporal.

- 1ª avaliación:
  - Mínimo unha audición ou proba específica.
- 2ª avaliación:
  - Mínimo unha audición ou proba específica.
- 3ª avaliación:
  - Mínimo unha audición ou proba específica.

#### Criterios de cualificación

A cualificación represéntase mediante unha cifra comprendida na escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para promocionar ó curso seguinte se deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada mínimo exixible. Ou acadar o 5 no exame de xuño ou no exame extraordinario.

Faltas de asistencia: a criterio do docente, considérase que non conta con datos suficientes para avaliar, o alumno ou alumna persoa ten dereito ao exame ordinario.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- Para acadar unha cualificación de 5, observarase a consecución dun 5 en cada mínimo esixible.
- A non consecución dos mínimos esixibles implicará unha cualificación graduada inferior a 5.
- Cada avaliación ten un peso igual na nota final.

#### Crterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en:

Interpretación, no instrumento da especialidade a que se opte, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo profesor.

- Os aspirantes aportarán os seus músicos acompañantes en caso de ser necesario.
- O profesor resérvase o dereito de escoitar todo, ou, unha parte do programa de exame.
- A cualificación corresponde ao 60% da puntuación final.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

### 1.1.9. Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

#### Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos

mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

#### Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá en...

Os criterios de cualificación de dita proba serán...

- 10%: Tocar un mínimo de 3 fragmentos curtos, de ata 8 compases, a 60 de velocidade, respetando alturas, ritmo e con un tempo practicamente estable. Empregarase a combinación de figuras en unha tesitura media: de Do 2 a Do 3 para trombón; de Sib 2 e Sib 3 en trombón..
- 40%: Interpretar dous estudos do curso mantendo o discurso.
- 40%: Interpretar unha obra do curso e nivel e empregar as articulacións, as dinámicas e o tempo como primeiros elementos diferenciadores de estilo e respetando a partitura, con un son en xeral homoxéneo e estable.
- 10%: Verbalizar despois de tocar suxestións básicas que axudarían a mellorar esa interpretación.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor/a da materia na sesión de avaliación correspondente.

#### Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

- 10%: Tocar un mínimo de 3 fragmentos curtos, de ata 8 compases, a 60 de velocidade, respetando alturas, ritmo e con un tempo practicamente estable. Empregarase a combinación de figuras en unha tesitura media: de Do 2 a Do 3 para trombón; de Sib 2 e Sib 3 en trombón..
- 40%: Interpretar dous estudos do curso mantendo o discurso.
- 40%: Interpretar unha obra do curso e nivel e empregar as articulacións, as dinámicas e o tempo como primeiros elementos diferenciadores de estilo e respetando a partitura, con un son en xeral homoxéneo e estable.
- 10%: Verbalizar despois de tocar suxestións básicas que axudarían a mellorar esa interpretación.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor/a da materia na sesión de avaliación correspondente.

#### 1.1.10. Recursos didácticos

A selección do repertorio faise de acordo ao nivel do alumnado, facilitándolle o seu progreso dentro do proceso de enseñanza-aprendizaxe.

### Curso: 3º de EE.EE.

#### 1.1.11. Obxectivos

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas dúas mans.
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corraxir automaticamente a afinación das notas e a calidade do son.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas utilizar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

#### 1.1.12. Contidos

- Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Fortalecemento dos músculos faciais.

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son.
- Estudos de emisión do son.
- Principios básicos de dixitación.
- Práctica das articulacións.
- Traballo da dinámica.
- Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas.
- Estudo da boquilla.
- Utilización de instrumentos afíns que, por tamaño, faciliten a posterior aprendizaxe da trombón.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura á vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.), para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Selección progresiva canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica de conxunto.



### 1.1.13. Avaliación

Ao comezo do curso o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial para identificar as eivas na súa formación —obxectivos non acadados e contidos non traballados—.

Froito da análise da avaliación inicial, os resultados serán reflectidos no caderno do profesor. Aquelas aprendizaxes non acadadas serán incorporadas e tentaranse desenvolver nas primeiras etapas do curso. Á súa vez, a avaliación inicial será tida en conta na primeira avaliación en canto á superación o non das carencias detectadas. No caso de que non se produza esa superación e normalización, deberá figurar nos informes da avaliación trimestrais e o docente poderá estender este proceso na segunda e/ou na avaliación final.

#### Criterios de avaliación

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.
- Estudo dos instrumentos aíns.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.
- Práctica de conxunto.

### 1.1.38. Avaliación

.....Ao comezo do curso o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial para identificar as eivas na súa formación —obxectivos non acadados e contidos non traballados—.

Froito da análise da avaliación inicial, os resultados serán reflectidos no caderno do profesor. Aquelas aprendizaxes non acadadas serán incorporadas e tentarase desenvolver nas primeiras etapas do curso. Á súa vez, a avaliación inicial será tida en conta na avaliación da primeira avaliación en canto á superación o non das carencias detectadas. No caso de que non se produza esa superación e normalización, deberá figurar nos informes da avaliación trimestrais e o docente poderá estender este proceso na segunda e/ou na avaliación final.

#### Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.
- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Amosar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras da trombón.
- Mostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio.
- Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.
- Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Amosar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

#### Mínimos esixibles

Os seguintes aprendizaxes esenciais, considerados mínimos esixibles para a superación do curso, serán empregados no proceso de avaliación nun escenario de ensinanza presencial. No caso de ser preciso afrontar un contexto educativo semi-presencial ou non presencial, estes mínimos deberán adaptarse, minorándose de ser o caso, ás circunstancias particulares do alumnado. De esta maneira, e de sufrir unha mingua, deberán ser obxecto da oportuna recuperación durante a primeira avaliación do seguinte curso.



Craterios de avaliación	Mínimo exixible	Criterio de cualificación
Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.	Respirar sempre de maneira silenciosa. Evitar tensións e buscar de maneira continua a relaxación que axude a producir un son óptimo.	10%
Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	Demostrar que emprega exercicios de vibración de beizos e boquilla co modelo proposto ou variacións e exercicios de flexibilidade de maneira habitual, profundando na calidade do son e igualándoo entre rexistros. Máximo dúas oitavas.  Tocar de memoria as seguintes escalas e arpexios dos seguintes centros tonais (escala maior, arpexio maior, escala menor melódica, escala menor harmónico e arpexio menor): La M, Lam, Lab M, Sol # m, Sol M, Sol m, Sob M, Fa # m; escalas de tons enteiros empezando en Lab e Sol b; arpexio aumentado de La e Sol. Dúas oitavas, Negra entre 72 e 120, forte ou piano; legato ou staccato.  Tocar os seguintes estudos sen desligar aspectos técnicos dos musicais (ver *).	10%
Amosar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras da trombón.	Demostrar o uso diario de rutinas de técnica básica que contribúan a mellorar a afinación e o son no rexistro medio (Sol 1 - Sol 3 para trombón e Fa 2 - Sib 4 para trombón).  Demostrar no repertorio proposto para cada avaliación un uso da afinación adecuado, interpretando en liñas xerais, todo o repertorio afinado, con mínimos desaxustes en dinámicas e rexistros extremos.	10%
Mostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio.	Demostrar fluidez e precisión, con pulso estable e corrección na notación dos estudos e/ou obras ou parte das mesmas acordados semanalmente.  Mostrar facilidade técnica: habilidade para presentar un son equilibrado froito dun estudo técnico continuo.	10%



Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.	Interpretar 2 fragmentos de 16 compases coas seguintes características sen interromper o discurso:  Compás: 6/8, 2/4, 4/4 e 3/4.  Dinámica: mezzoforte, forte, mezzopiano, piano e cresc. e decrec.  Tempo: rall., rit.,  Figuras de negra, branca, redonda, corchea, semicorchea e os seus silencios.  Articulación: staccato e ligaduras e acentos.  Uso de transpositor.  Ámbito de décima.  Tonalidades de Do, Fa, Sib, Sol, Lab, Mib maiores La, Mi, sol, Re menores.	10%
Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.	Interpretar en público 1 obra por avaliación, unha de memoria, en audición ou proba, do nivel, con seguridade, precisión e control técnico e musical.  Ser capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten.	10%
Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.	Interpretar 1 obra no curso de memoria seguindo o texto e criterios estilísticos e ofrecer precisión e concentración, sen interrupcións no discurso.  Demostrar intención musical fraseando con contrastes.	10%
Amosar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.	Manter a afinación e controlar a respiración, pese aos cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación e respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou sonoridade.  Realizar cambios na dinámica, sen provocar desafinacións, mantendo o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos e cun son homoxéneo, estable e fermoso.	10%
Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.	Identificar e asociar: tonalidades, intervalos, cadencias.  Demostrar que recorda rutinas técnicas básicas que lle van a arranxar problemáticas ou progresar no dominio técnico.  Analizar dende un punto de vista construtivo e pormenorizado os elementos característicos da súa audición (1 por avaliación), detallando elementos positivos e negativos, e dando posibles vías de solución.	10%



<p>Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.</p>	<p>Manter a afinación, pese aos cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación, respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou sonoridade, realizar cambios en la dinámica, sen provocar desafinacións, manter o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos, controlar a respiración, sendo completa habitualmente e producir un son homoxéneo, estable e bonito.</p> <p>Respectar as normas de protocolo e música de cámara, de estar acompañado.</p>	<p>10%</p>
---	---	------------

### EXERCICIOS DE TÉCNICA XERAL:

- Escalas maiores e menores ata sete alteracións , cos seus arpejos, en diferentes articulacións e tempos.
- Intervalos de 6ª a 9ª maiores e menores, ligado e picado., a traballar de memoria e coa axuda de libros como o J.B.Arbans ou exercicios propostos polo docente.
- Estudo do rexistro grave e agudo a través de glissandos e con octavas para manter a afinación e acadar un bo afianzamento dos músculos faciais.
- Traballo dos trinos de labio nun rexistro comprendido entre o 2º armónico e o 7º armónico.
- Traballo con exercicios propostos polo docente, e escollido no libro J.B.Arbans (flexibilidade, staccato, sincronismo e articulación).

### MÉTODOS DE ESTUDO:

Secuenciado de maneira personalizada ó longo de todo o curso. A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do alumnado, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

- Método para trombón de J.B Arbans.
- Real book standars:  
Grand street, I´m an old cowhand, Those cheerful blues.
- André Lafosse volumen 2º.
- Flexibilidade de Charles Collins.
- Estudos melódicos de Rochut , do 20 ó 32.
- Estudios dos graves no trombón estudos propostos polo docente.

### OBRAS DE ESTUDO: (como mínimo, unha por trimestre ao menos)

- Concerto de F. Grafe.
- Cavatina de Saint Saens.
- Concerto de N.R. Korsakof.

### REPERTORIO ORQUESTAL

- Ademais dos estudos e obras a preparar, tamén se traballarán pasaxes orquestais propostos polo docente, e extraídos do libro orchester probespiel.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
1. Observación directa	Caderno de aula, rúbrica/táboa de cotexo
2. Realización de audicións ou probas específicas	

- Exame ordinario (xuño; recuperación).
- Convocatoria extraordinaria.

#### Actividades e a súa distribución temporal.

- 1ª avaliación:
  - Mínimo unha audición ou proba específica.
- 2ª avaliación:
  - Mínimo unha audición ou proba específica.
- 3ª avaliación:
  - Mínimo unha audición ou proba específica.

#### Criterios de cualificación

A cualificación represéntase mediante unha cifra comprendida na escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para promocionar ó curso seguinte se deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada mínimo exigible. Ou acadar o 5 no exame de xuño ou no exame extraordinario.

Faltas de asistencia: a criterio do docente, considérase que non conta con datos suficientes para avaliar, o alumno ou alumna persoa ten dereito ao exame ordinario.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- Para acadar unha cualificación de 5, observarase a consecución dun 5 en cada mínimo esixible.
- A non consecución dos mínimos esixibles implicará unha cualificación graduada inferior a 5.
- Cada avaliación ten un peso igual na nota final.

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en:

10%: Interpretar 2 fragmentos de 16 compases coas seguintes características sen interromper o discurso: Compás: 6/8, 2/4, 4/4 e 3/4; Dinámica: mezzoforte, forte, mezzopiano, piano e cresc. e decresc.; Tempo: rall., rit.; Figuras de negra, branca, redonda, corchea, semicorchea e os seus silencios; Articulación: staccato e ligaduras e acentos; Uso de transpositor; Ámbito de décima; Tonalidades de Do, Fa, Sib, Sol, Lab, Mib maiores La, Mi, sol, Re menores.

10%: Tocar de memoria as seguintes escalas e arpexios dos seguintes centros tonais (escala maior, arpexio maior, escala menor melódica, escala menor arménico e arpexio menor): La M, Lam, Lab M, Sol # m, Sol M, Sol m, Sob M, Fa # m; escalas de tons enteiros empezando en Lab e Sol b; arpexio aumentado de La e Sol. Dúas oitavas, Negra entre 72 e 120, forte ou piano; legato ou staccato.

40%: Tocar dous e estudos do curso a elección do profesor sen desligar aspectos técnicos dos musicais (ver \*).

40%: Interpretar 1 obra de memoria, do nivel, con seguridade, precisión e control técnico e musical, sendo capaz de manter a afinación, pese aos cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación, respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou sonoridade, realizar cambios en la dinámica, sen provocar desafinacións, manter o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos, controlar a respiración, sendo completa habitualmente e producir un son homoxéneo, estable e bonito.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

### 1.1.39. Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

### Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

### Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá en...

10%: Tocar de memoria as seguintes escalas e arpeixos dos seguintes centros tonais (escala maior, arpexio maior, escala menor melódica, escala menor arménico e arpexio menor): La M, Lam, Lab M, Sol # m, Sol M, Sol m, Sob M, Fa # m; escalas de tons enteiros empezando en Lab e Sol b; arpexio aumentado de La e Sol. Dúas oitavas, Negra entre 72 e 120, forte ou piano; legato ou staccato.

40%: Tocar dous e estudos do curso a elección do profesor sen desligar aspectos técnicos dos musicais (ver \*).

40%: Interpretar 1 obra de memoria, do nivel, con seguridade, precisión e control técnico e

musical, sendo capaz de manter a afinación, pese aos cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación, respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou sonoridade, realizar cambios en la dinámica, sen provocar desafinacións, manter o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos, controlar a respiración, sendo completa habitualmente e producir un son homoxéneo, estable e bonito.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

**Proba extraordinaria de avaliación** (para materias con cualificación negativa)

Interpretación, no instrumento da especialidade a que se opte, de tres obras de diferentes estilos.

- Unha obra, como mínimo, interpretárase de memoria.
- Os aspirantes aportarán os seus músicos acompañantes en caso de ser necesario.
- O profesor resérvase o dereito de escoitar todo, ou, unha parte do programa de exame.
- O exercicio terá unha duración máxima de 30 minutos.
- A cualificación corresponde ao 100% da puntuación final.

Crterios de avaliación EE.PP.	Crterios de calificación EE.PP.	Crterio de cualificación
Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.	Respirar de maneira consciente, empregando o máximo espazo temporal dispoñible, e a forma de embocadura óptima para acadar a respiración completa. Usar de maneira continua unha posición corporal saudable e non mostrar tensións de maneira habitual.	5% 2
Amosar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.	Demostrar no repertorio proposto un uso da afinación adecuado, interpretando en liñas xerais, todo o repertorio afinado, empregando dixitacións alternativas e a flexibilidade da embocadura para axustar a afinación.	5% 2
Interpretar obras das distintas épocas e estilos	Interpretar, unha obra de memoria, con seguridade, precisión e control técnico e musical. Ser capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten. Respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou á sonoridade, realizar cambios na dinámica, sen provocar desafinacións, manter o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos, controlar a respiración, sendo completa habitualmente, producir un son homoxéneo, estable e bonito e mostrar a súas ideas musicais en canto a estilo e fraseo.	5% 2

Interpretar de memoria unha das obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.	Interpretar 1 obra do nivel de memoria seguindo o texto e criterios estilísticos e ofrecer precisión e concentración, sen interrupcións no discurso. Demostrar intención musical fraseando con contrastes.	5% <span style="float: right;">2</span>
---	--	---

#### 1.1.40. Recursos didácticos

A selección do repertorio faise de acordo ao nivel do alumnado, facilitándolle o seu progreso dentro do proceso de enseñanza-aprendizaxe.

### Curso: 5º de EE.PP.

#### 1.1.41. Obxectivos

- Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas da trombón.
- Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.
- Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación con instrumento.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

#### 1.1.42. Contidos

- Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión da trombón.
- Estudo do rexistro agudo.
- Estudo dos ornamentos (trinos, grupetos, apoios, mordentes, etc.).
- Estudo da literatura solista da trombón adecuada a este nivel.
- Afondamento en todo o referente á articulación: estudo do dobre e triplo picado.
- Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.
- Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica nos diferentes rexistros.

- Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.
- Estudo dos instrumentos afíns.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.
- Práctica de conxunto.

### 1.1.43. Avaliación

Ao comezo do curso o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial para identificar as eivas na súa formación —obxectivos non acadados e contidos non traballados—.

Froito da análise da avaliación inicial, os resultados serán reflectidos no caderno do profesor. Aquelas aprendizaxes non acadadas serán incorporadas e tentaranse desenvolver nas primeiras etapas do curso. Á súa vez, a avaliación inicial será tida en conta na avaliación da primeira avaliación en canto á superación o non das carencias detectadas. No caso de que non se produza esa superación e normalización, deberá figurar nos informes da avaliación trimestrais e o docente poderá estender este proceso na segunda e/ou na avaliación final.

#### Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.
- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Amosar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras da trombón.
- Mostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio.
- Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.
- Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Amosar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.

- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

### Mínimos esixibles

.....Os seguintes aprendizaxes esenciais, considerados mínimos esixibles para a superación do curso, serán empregados no proceso de avaliación nun escenario de ensinanza presencial. No caso de ser preciso afrontar un contexto educativo semi-presencial ou non presencial, estes mínimos deberán adaptarse, minorándose de ser o caso, ás circunstancias particulares do alumnado. De esta maneira, e de sufrir unha mingua, deberán ser obxecto da oportuna recuperación durante a primeira avaliación do seguinte curso.

Crterios de avaliación	Mínimo exixible	Criterio de cualificación
Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.	Respirar de maneira consciente, empregando o máximo espazo temporal dispoñible, e a forma de embocadura óptima para acadar a respiración completa.  Usar de maneira continua unha posición corporal saudable e non mostrar tensións de maneira habitual.	10%
Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	Demostrar que emprega exercicios de vibración de beizos e boquilla co modelo proposto ou variacións e exercicios de flexibilidade de maneira habitual, profundando na calidade do son e igualándoo entre rexistros. Máximo dúas oitavas.  Tocar de memoria as seguintes escalas e arpexios dos seguintes centros tonais (escala maior, arpexio maior, escala menor melódica, escala menor arménico e arpexio menor): Si M, Si m, Sib M, Sib m, La M, La m, Lab M, Lab m; escala cromática empezando en Sib e Lab; escala de tons enteiros empezando en Si, Sib, La e Lab. A dúas oitavas, tempo entre 80 e 126, forte, mezzoforte piano, o crescendo, o diminuendo (p-f-p o f-p-f). Legato, staccato o staccatissimo.  Tocar os seguintes estudos sen desligar aspectos técnicos dos musicais (ver *).	10%





<p>Amosar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras da trombón.</p>	<p>Demostrar o uso diario de rutinas de técnica básica que contribúan a mellorar a afinación e o son no rexistro (Do 1 - Do 4 para trombón e Do 2 - Sib 4 para trombón).</p> <p>Demostrar no repertorio proposto para o curso un uso da afinación adecuado, interpretando en liñas xerais, todo o repertorio afinado, empregando dixitacións alternativas e a flexibilidade da embocadura para axustar a afinación</p>	10%
<p>Mostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio.</p>	<p>Demostrar fluidez e precisión, con pulso estable e corrección na notación dos estudos e/ou obras ou parte das mesmas acordados semanalmente.</p> <p>Mostrar facilidade técnica: habilidade para presentar un son equilibrado froito dun estudo técnico continuo e utilizar os elementos estilísticos que definen cada peza ou estudo de maneira habitual.</p>	10%
<p>Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.</p>	<p>Interpretar 2 estudos por avaliación coas seguintes características sen interromper o discurso:</p> <p>Compás: 6/8, 3/8, 2/4, 4/4 e 3/4.</p> <p>Dinámica: mezzoforte, forte, mezzopiano, piano e cresc. e decrec.</p> <p>Tempo: accel. e allegro.</p> <p>Figuras: todas as figuras.</p> <p>Articulación: staccato e ligaduras e acentos.</p> <p>Uso de transpositor.</p> <p>Ámbito de dúas oitavas.</p> <p>Tonalidades de Do, Fa, Sib, Sol, Lab, Mib maiores La, Mi, sol, Re menores.</p>	10%
<p>Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.</p>	<p>Interpretar en público 1 obra por avaliación, unha de memoria, en audición ou proba, do nivel, con seguridade, precisión e control técnico e musical.</p> <p>Ser capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten.</p>	10%
<p>Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.</p>	<p>Interpretar 1 obra no curso de memoria seguindo o texto e criterios estilísticos e ofrecer precisión e concentración, sen interrupcións no discurso.</p> <p>Demostrar intención musical fraseando con contrastes.</p>	10%

<p>Amosar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.</p>	<p>Manter a afinación, pese aos cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación, respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou sonoridade e realizar cambios na dinámica, sen provocar desafinacións.</p> <p>Manter o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos, controlar a respiración, sendo completa habitualmente e producir un son homoxéneo, estable e bonito, mostrando as súas ideas musicais en canto a estilo e fraseo.</p>	<p>10%</p>
<p>Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.</p>	<p>Identificar na análise de audicións de compañeiros de cursos inferiores elementos técnicos e estilísticos a mellorar e que exercicios lle recomendaría.</p> <p>Analizar dende un punto de vista construtivo e pormenorizado os elementos que caracterizado a súa audición (1 vez por avaliación), detallando elementos positivos e negativos, e dando posibles vías de solución.</p>	<p>10%</p>
<p>Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.</p>	<p>Manter a afinación, pese aos cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación, respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou á sonoridade, realizar cambios na dinámica, sen provocar desafinacións, manter o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos, controlar a respiración, sendo completa habitualmente, producir un son homoxéneo, estable e bonito e mostrar a súas ideas musicais en canto a estilo e fraseo.</p> <p>Comunicar co público e o piano acompañante buscando un resultado óptimo e dominar o espazo escénico.</p>	<p>10%</p>

#### EXERCICIOS DE TÉCNICA XERAL:

- Intervalos de 6<sup>a</sup> a 10<sup>a</sup> maiores e menores, ligado e picado., a traballar de memoria e coa axuda do libro como o J.B.Arban exercicios propostos polo docente.
- Tódalas escalas maiores e menores, en diferentes articulacións e tempos.
- Estudo dos rexistros graves e agudos a través de glissandos e diferentes intervalos buscando o afianzamento dos músculos faciais.
- Traballo dos trinos de labio en todos os rexistros e diferentes armónicos.
- Exercicios de transporte co trombón e lectura a vista en Do en 4<sup>a</sup> liña
- Estudo do bouché e o echo.
- Traballo con exercicios propostos polo docente, e escollido no libro J.B.Arban (flexibilidade, staccato, sincronismo e articulación)

#### MÉTODOS DE ESTUDO:

Secuenciado de maneira personalizada ó longo de todo o curso. A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do alumnado, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

- Método para trombón de J.B Arbans.
- André Lafosse volumen 2º.
- Real book standars:
- Get out of here, Mind the gap, Cantalupe island.
- Flexibilidade de Charles Collins.
- Estudos melódicos de Rochut , do 33 ó 50.
- 60 estudos para trombón de Kopprasch do 1 o 20

OBRAS DE ESTUDO: (como mínimo, unha por trimestre)

- Obras- Sonata ( 1º Tempo) de P. Hindernith.
- Ballade de E. Bozza .
- Concerto de Rimsky korsakov
- Morceau symphonie de Alexander Guilmant.

## REPERTORIO ORQUESTAL

Ademais dos estudos e obras a preparar, tamén se traballarán pasaxes orquestrais propostos polo docente, e extraído do libro orchester probenspiel.

### Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
1. Observación directa	Caderno de aula, rúbrica/táboa de cotexo
2. Realización de audicións ou probas específicas	

- Exame ordinario (xuño; recuperación).
- Convocatoria extraordinaria.

### Actividades e a súa distribución temporal.

- 1ª avaliación:
  - Mínimo unha audición ou proba específica.
- 2ª avaliación:
  - Mínimo unha audición ou proba específica.
- 3ª avaliación:
  - Mínimo unha audición ou proba específica.

### Criterios de cualificación

A cualificación represéntase mediante unha cifra comprendida na escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para promocionar ó curso seguinte se deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada mínimo exigible. Ou acadar o 5 no exame de xuño ou no exame extraordinario.

Faltas de asistencia: a criterio do docente, considérase que non conta con datos suficientes para avaliar, o alumno ou alumna persoa ten dereito ao exame ordinario.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- Para acadar unha cualificación de 5, observárase a consecución dun 5 en cada mínimo exigible.
- A non consecución dos mínimos exigibles implicará unha cualificación graduada inferior a 5.
- Cada avaliación ten un peso igual na nota final.

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en:

10%: Interpretar 2 estudos coas seguintes características sen interromper o discurso:

Compás: 6/8, 3/8, 2/4, 4/4 e 3/4; Dinámica: mezzoforte, forte, mezzopiano, piano e cresc. e decrec.; Tempo: accel. e allegro; Figuras: todas as figuras; Articulación: staccato e ligaduras e acentos; Uso de transpositor; Ámbito de dúas oitavas; Tonalidades de Do, Fa, Sib, Sol, Lab, Mib maiores La, Mi, sol, Re menores.

10%: Tocar de memoria as seguintes escalas e arpexios dos seguintes centros tonais (escala maior, arpexio maior, escala menor melódica, escala menor harmónico e arpexio menor): Si M, Si m, Sib M, Sib m, La M, La m, Lab M, Lab m; escala cromática empezando en Sib e Lab; escala de tons enteiros empezando en Si, Sib, La e Lab. A dos octavas, tempo entre 80 e 126, forte, mezzoforte piano, o crescendo, o diminuendo (p-f-p o f-p-f). Legato, staccato o staccatissimo.

40%: Tocar dous e estudos do curso a elección do profesor sen desligar aspectos técnicos dos musicais (ver \*).

40%: Interpretar 1 obra de memoria, do nivel, con seguridade, precisión e control técnico e musical, sendo capaz de manter a afinación, pese aos cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación, respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou á sonoridade, realizar cambios na dinámica, sen provocar desafinacións, manter o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos, controlar a respiración, sendo completa habitualmente, producir un son homoxéneo, estable e bonito e mostrar as súas ideas musicais en canto a estilo e fraseo.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

#### 1.1.44. Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

##### Procedementos de recuperación ordinarios

.....Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo máis específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha máis grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

##### Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o

número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá en...

10%: Interpretar 2 estudos coas seguintes características sen interromper o discurso:

Compás: 6/8, 3/8, 2/4, 4/4 e 3/4; Dinámica: mezzoforte, forte, mezzopiano, piano e *crec.* e *decrec.*; Tempo: *accel.* e *allegro*; Figuras: todas as figuras; Articulación: *staccato* e ligaduras e acentos; Uso de transpositor; Ámbito de dúas oitavas; Tonali-dades de Do, Fa, Sib, Sol, Lab, Mib maiores La, Mi, sol, Re menores.

10%: Tocar de memoria as seguintes escalas e arpexios dos seguintes centros tonais (escala maior, arpexio maior, escala menor melódica, escala menor harmónico e ar-pexio menor): Si M, Si m, Sib M, Sib m, La M, La m, Lab M, Lab m; escala cromática empezando en Sib e Lab; escala de tons enteiros empezando en Si, Sib, La e Lab. A dos octavas, tempo entre 80 e 126, forte, mezzoforte piano, o *crecendo*, o *diminuendo* (p-f-p o f-p-f). Legato, *staccato* o *staccatissimo*.

40%: Tocar dous e estudos do curso a elección do profesor sen desligar aspectos técnicos dos musicais (ver \*).

40%: Interpretar 1 obra de memoria, do nivel, con seguridade, precisión e control técnico e musical, sendo capaz de manter a afinación, pese aos cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación, respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou á sonoridade, realizar cambios na dinámica, sen provocar desafinacións, manter o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos, controlar a respiración, sendo completa habitualmente, producir un son homoxéneo, estable e bonito e mostrar as súas ideas musicais en canto a estilo e fraseo.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

#### Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Interpretación, no instrumento da especialidade a que se opte, de tres obras de diferentes estilos.

- Unha obra, como mínimo, interpretárase de memoria.
- Os aspirantes aportarán os seus músicos acompañantes en caso de ser necesario.
- O profesor resérvase o dereito de escoitar todo, ou, unha parte do programa de exame.
- O exercicio terá unha duración máxima de 30 minutos.
- A cualificación corresponde ao 100% da puntuación final.

Criterios de avaliación EE.PP.	Criterios de calificación EE.PP.	Criterio de cualificación
Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.	Respirar de maneira consciente, empregando o máximo espazo temporal dispoñible, e a forma de embocadura óptima para acadar a respiración completa. Usar de maneira continua unha posición corporal saudable e non mostrar tensións de maneira habitual.	20%
Demostrar o dominio na execución das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	Manter a afinación, pese aos cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación, respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou sonoridade e realizar cambios na dinámica, sen provocar desafinacións. Manter o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos, controlar a respiración, sendo completa habitualmente e producir un son homoxéneo, estable e bonito, mostrando en todo momento as súas ideas musicais en canto a estilo e fraseo.	20%
Amosar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.	Demostrar no repertorio proposto un uso da afinación adecuado, interpretando en liñas xerais, todo o repertorio afinado, empregando dixitacións alternativas e a flexibilidade da embocadura para axustar a afinación.	20%
Interpretar obras das distintas épocas e estilos	Interpretar, unha obra de memoria, con seguridade, precisión e control técnico e musical. Ser capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten. Respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou á sonoridade, realizar cambios na dinámica, sen provocar desafinacións, manter o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos, controlar a respiración, sendo completa habitualmente, producir un son homoxéneo, estable e bonito e mostrar a súas ideas musicais en canto a estilo e fraseo.	20%

<p>Interpretar de memoria unha das obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.</p>	<p>Interpretar 1 obra do nivel de memoria seguindo o texto e criterios estilísticos e ofrecer precisión e concentración, sen interrupcións no discurso. Demostrar intención musical fraseando con contrastes.</p>	<p>20%</p>
--	---	------------

### 1.1.45. Recursos didácticos

A selección do repertorio faise de acordo ao nivel do alumnado, facilitándolle o seu progreso dentro do proceso de enseñanza-aprendizaxe.

### Curso: 6º de EE.PP.

### 1.1.46. Obxectivos

- Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas da trombón.
- Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.
- Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación con instrumento.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

### 1.1.47. Contidos

- Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión da trombón.
- Estudo do rexistro agudo.
- Estudo dos ornamentos (trinos, grupetos, apoios, mordentes, etc.).
- Estudo da literatura solista da trombón adecuada a este nivel.
- Afondamento en todo o referente á articulación: estudo do dobre e triplo picado.



- Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.
- Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica nos diferentes rexistros.
- Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.
- Estudo dos instrumentos aíns.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.
- Práctica de conxunto.

#### 1.1.48. Avaliación

Ao comezo do curso o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial para identificar as eivas na súa formación —obxectivos non acadados e contidos non traballados—.

Froito da análise da avaliación inicial, os resultados serán reflectidos no caderno do profesor. Aquelas aprendizaxes non acadadas serán incorporadas e tentaranse desenvolver nas primeiras etapas do curso. Á súa vez, a avaliación inicial será tida en conta na primeira avaliación en canto á superación o non das carencias detectadas. No caso de que non se produza esa superación e normalización, deberá figurar nos informes da avaliación trimestrais e o docente poderá estender este proceso na segunda e/ou na avaliación final.

##### Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.
- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Amosar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras da trombón.
- Mostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio.
- Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.
- Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.

- Amosar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

### Mínimos esixibles

Os seguintes aprendizaxes esenciais, considerados mínimos esixibles para a superación do curso, serán empregados no proceso de avaliación nun escenario de ensinanza presencial. No caso de ser preciso afrontar un contexto educativo semi-presencial ou non presencial, estes mínimos deberán adaptarse, minorándose de ser o caso, ás circunstancias particulares do alumnado. De esta maneira, e de sufrir unha mingua, deberán ser obxecto da oportuna recuperación durante a primeira avaliación do seguinte curso.

Criterios de avaliación	Mínimo exixible	Criterio de cualificación
Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.	Respirar de maneira consciente, empregando o máximo espazo temporal dispoñible, e a forma de embocadura óptima para acadar a respiración completa.  Usar de maneira continua unha posición corporal saudable e non mostrar tensións de maneira habitual.	10%
Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	Demostrar que emprega exercicios de vibración de beizos e boquilla co modelo proposto ou variacións e exercicios de flexibilidade de maneira habitual, profundando na calidade do son e igualándoo entre rexistros. Máximo dúas oitavas.  Tocar de memoria as seguintes escalas e arpexios dos seguintes centros tonais (escala maior, arpexio maior, escala menor melódica, escala menor arménico e arpexio menor): Do M, Do m, Fa # M, Fa # m, Sib M, Sib m, Mi M, Mi m; escalas de tons enteiros en Do, Fa #, Sib e Mi; escala cromática empezando en Do, Fa #, Sib e Mi. En figura de corcheas e tempo entre 88 e 132, dinámicas posibles: f, mf, p, cresc./dim. o dim./cresc. Articulacións: legato, staccato ou staccatissimo.  Tocar os seguintes estudos sen desligar aspectos técnicos dos musicais (ver *).	10%
Amosar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras da trombón.	Demostrar o uso diario de rutinas de técnica básica que contribúan a mellorar a afinación e o son no rexistro (Do 1 - Do 4 para trombón e Do 2 - Sib 4 para trombón).  Demostrar no repertorio proposto para o curso un uso da afinación adecuado, interpretando en liñas xerais, todo o repertorio afinado, empregando dixitacións alternativas e a flexibilidade da embocadura para axustar a afinación	10%



Mostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio.	<p>Demostrar fluidez e precisión, con pulso estable e corrección na notación dos estudos e/ou obras ou parte das mesmas acordados semanalmente.</p> <p>Mostrar facilidade técnica: habilidade para presentar un son equilibrado froito dun estudo técnico continuo e utilizar os elementos estilísticos que definen cada peza ou estudo de maneira habitual.</p>	10%
Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.	<p>Interpretar 2 estudos por avaliación coas seguintes características sen interromper o discurso:</p> <p>Compás: 2/2, 6/8, 3/8, 2/4, 4/4 e 3/4.</p> <p>Dinámica: todas</p> <p>Tempo: ata negra = 120</p> <p>Figuras todas.</p> <p>Articulación: todas.</p> <p>Uso de transpositor.</p> <p>Ámbito de dúas oitavas.</p> <p>Tonalidade: todas, maiores e menores.</p>	10%
Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.	<p>Interpretar en público 1 obra por avaliación con trombón en fa ou trombón, unha de memoria, en audición ou proba, do nivel, con seguridade, precisión e control técnico e musical. E ser capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten.</p>	10%
Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.	<p>Interpretar 1 obra do nivel no curso de memoria seguindo o texto e criterios estilísticos e ofrecer precisión e concentración, sen interrupcións no discurso.</p> <p>Demostrar intención musical fraseando con contrastes.</p>	10%
Amosar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.	<p>Manter a afinación, pese aos cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación, respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou sonoridade e realizar cambios na dinámica, sen provocar desafinacións.</p> <p>Manter o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos, controlar a respiración, sendo completa habitualmente e producir un son homoxéneo, estable e bonito, mostrando en todo momento as súas ideas musicais en canto a estilo e fraseo.</p>	10%

<p>Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.</p>	<p>Identificar na análise de audicións de compañeiros de cursos inferiores elementos técnicos e estilísticos a mellorar e que exercicios lle recomendaría.</p> <p>Analizar dende un punto de vista construtivo e pormenorizado os elementos que caracterizado a súa audición (1 vez por avaliación), detallando elementos positivos e negativos, e dando posibles vías de solución.</p>	<p>10%</p>
<p>Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.</p>	<p>Manter a afinación, pese aos cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación, respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou á sonoridade, realizar cambios na dinámica, sen provocar desafinacións, manter o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos, controlar a respiración, sendo completa habitualmente, producir un son homoxéneo, estable e bonito e mostrar a súas ideas musicais en canto a estilo e fraseo.</p> <p>Comunicar co público e o piano acompañante buscando un resultado óptimo e dominar o espazo escénico.</p>	<p>10%</p>

#### EXERCICIOS DE TÉCNICA XERAL:

- Tódalas escalas maiores e menores, en diferentes articulacións e tempos.
- Intervalos de 6<sup>a</sup> a 11<sup>a</sup> maiores e menores, ligado e picado., a traballar de memoria e coa axuda do libro como o J.B.Arbans e outros exercicios propostos polo docente.
- Estudo do rexistro grave e agudo a través de glissandos e facendo octavas para afianzar a afinación de ambos rexistros, e para o afianzamento dos músculos faciais.
- Traballo dos trinos de labio nun rexistro comprendido entre o do central e o sol agudo
- Práctica do transporte co trombón entre as tonalidades de Do Maior e Sib Maior tanto nos estudos como nas obras.
- Traballo con exercicios propostos polo docente, e escollido no libro J.B.Arbans (flexibilidade, staccatto, sincronismo e articulación)

#### MÉTODOS DE ESTUDO:

Secuenciado de maneira personalizada ó longo de todo o curso. A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do alumnado, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

- Interpretación dun dos 14 Estudos Característicos do Arbans elixido polo alumno.
- Método para trombón de J.B Arbans.
- Real book standards:
- Diga diga doo, Limehouse blues, Stars fell on Alabama.
- 30 Estudos modernos de P. Delissé, de 9 ó 15.
- Flexibilidade de Charles Collins.
- 60 estudos para trombón de Kopprasch do 20 ó 40

OBRAS DE ESTUDO: (como mínimo, unha por trimestre a traballar)

- - Sonata de Sulek
- - Sonata de P. Hindemith
- - Concertino de F. David.
- - Concertino Giocoso de J. P. Thilman.

#### REPERTORIO ORQUESTAL

- Requiem de Mozart
  - - Tanhauser de Wagner
  - - Gazza Ladra de G. Rossini
  - - Lohengrin de R. Wagner
  - - L´a Arlesienne de G. Bizet
  - - Bolero de Ravel
  - - Sinfonías 1, 2, 3 de G. Mahler
  - “Réquiem” de Mozart
- Ademais dos estudos e obras a preparar, tamén se traballarán pasaxes orquestrais propostos polo docente, e extraídos do libro orchester probenspiel.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
-----------------------------	----------------------------

1. Observación directa	Caderno de aula, rúbrica/táboa de cotexo
2. Realización de audicións ou probas específicas	

- Exame ordinario (xuño; recuperación).
- Convocatoria extraordinaria.

Actividades e a súa distribución temporal.

- 1ª avaliación:
  - Mínimo unha audición ou proba específica.
- 2ª avaliación:
  - Mínimo unha audición ou proba específica.
- 3ª avaliación:
  - Mínimo unha audición ou proba específica.

**Criterios de cualificación**

A cualificación represéntase mediante unha cifra comprendida na escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para promocionar ó curso seguinte se deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada mínimo exixible. Ou acadar o 5 no exame de xuño ou no exame extraordinario.

Faltas de asistencia: a criterio do docente, considérase que non conta con datos suficientes para avaliar, o alumno ou alumna persoa ten dereito ao exame ordinario.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- Para acadar unha cualificación de 5, observarase a consecución dun 5 en cada mínimo esixible.
- A non consecución dos mínimos esixibles implicará unha cualificación graduada inferior a 5.
- Cada avaliación ten un peso igual na nota final.

**Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de

madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en:

10%: Interpretar 2 estudos coas seguintes características sen interromper o discurso:

Compás: 2/2, 6/8, 3/8, 2/4, 4/4 e 3/4; Dinámica: todas; Tempo: ata negra = 120; Figuras todas; Articulación: todas; Uso de transpositor; Ámbito de dúas oitavas; Tonalidade: todas, maiores e menores.

10%: Tocar de memoria as seguintes escalas e arpexios dos seguintes centros tonais (escala maior, arpexio maior, escala menor melódica, escala menor harmónico e arpexio menor): Do M, Do m, Fa # M, Fa # m, Sib M, Sib m, Mi M, Mi m; escalas de tons enteiros en Do, Fa #, Sib e Mi; escala cromática empezando en Do, Fa #, Sib e Mi. En figura de corcheas e tempo entre 88 e 132, dinámicas posibles: f, mf, p, *crec./dim.* o *dim./crec.* Articulacións: legato, staccato ou staccatissimo.

40%: Tocar dous e estudos do curso a elección do profesor sen desligar aspectos técnicos dos musicais (ver \*).

40%: Interpretar 1 obra de memoria, do nivel, con seguridade, precisión e control técnico e musical, sendo capaz de manter a afinación, pese aos cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación, respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou á sonoridade, realizar cambios na dinámica, sen provocar desafinacións, manter o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos, controlar a respiración, sendo completa habitualmente, producir un son homoxéneo, estable e bonito e mostrar as súas ideas musicais en canto a estilo e fraseo.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

### 1.1.49. Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

#### Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

#### Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá en...

10%: Interpretar 2 estudos coas seguintes características sen interromper o discurso:

Compás: 2/2, 6/8, 3/8, 2/4, 4/4 e 3/4; Dinámica: todas; Tempo: ata negra = 120; Figuras todas; Articulación: todas; Uso de transpositor; Ámbito de dúas oitavas; Tonalidade: todas, maiores e menores.

10%: Tocar de memoria as seguintes escalas e arpexios dos seguintes centros tonais (escala maior, arpexio maior, escala menor melódica, escala menor harmónico e arpexio menor): Do M, Do m, Fa # M, Fa # m, Sib M, Sib m, Mi M, Mi m; escalas de tons enteiros en Do, Fa #, Sib e Mi; escala cromática empezando en Do, Fa #, Sib e Mi. En figura de corcheas e tempo entre 88 e 132, dinámicas posibles: f, mf, p, *crec./dim.* o *dim./crec.* Articulacións: legato, staccato ou staccatissimo.

40%: Tocar dous e estudos do curso a elección do profesor sen desligar aspectos técnicos dos musicais (ver \*).

40%: Interpretar 1 obra de memoria, do nivel, con seguridade, precisión e control técnico e musical, sendo capaz de manter a afinación, pese aos cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación, respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou á sonoridade, realizar cambios na dinámica, sen provocar desafinacións, manter o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos, controlar a respiración, sendo completa habitualmente, producir un son homoxéneo, estable e bonito e mostrar a súas ideas musicais en canto a estilo e fraseo.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos



para superala.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

**Proba extraordinaria de avaliación** (para materias con cualificación negativa)

Interpretación, no instrumento da especialidade a que se opte, de tres obras de diferentes estilos.

- Unha obra, como mínimo, interpretárase de memoria.
- Unha obra pertencerá o repertorio camerístico.
- Os aspirantes aportarán os seus músicos acompañantes.
- O profesor resérvase o dereito de escoitar todo, ou, unha parte do programa de exame.
- O exercicio terá unha duración máxima de 30 minutos.
- A cualificación corresponde ao 100% da puntuación final.

Criterios de avaliación EE.PP.	Criterios de calificación EE.PP.	Criterio de cualificación
Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.	Respirar de maneira consciente, empregando o máximo espazo temporal dispoñible, e a forma de embocadura óptima para acadar a respiración completa. Usar de maneira continua unha posición corporal saudable e non mostrar tensións de maneira habitual.	20%
Demostrar o dominio na execución das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	Manter a afinación, pese aos cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación, respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou sonoridade e realizar cambios na dinámica, sen provocar desafinacións. Manter o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos, controlar a respiración, sendo completa habitualmente e producir un son homoxéneo, estable e bonito, mostrando en todo momento as súas ideas musicais en canto a estilo e fraseo.	20%

Amosar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.	Demostrar no repertorio proposto un uso da afinación adecuado, interpretando en liñas xerais, todo o repertorio afinado, empregando dixitacións alternativas e a flexibilidade da embocadura para axustar a afinación.	20%
Interpretar obras das distintas épocas e estilos	Interpretar, unha obra de memoria, con seguridade, precisión e control técnico e musical. Ser capaz de manter a afinación, sen que os cambios de dinámicas ou rexistro afecten. Respectar as articulacións, sen afectar ao discurso ou á sonoridade, realizar cambios na dinámica, sen provocar desafinacións, manter o pulso incluso nos pasaxes rítmicos complexos, controlar a respiración, sendo completa habitualmente, producir un son homoxéneo, estable e bonito e mostrar a súas ideas musicais en canto a estilo e fraseo.	20%
Interpretar de memoria unha das obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.	Interpretar 1 obra do nivel de memoria seguindo o texto e criterios estilísticos e ofrecer precisión e concentración, sen interrupcións no discurso. Demostrar intención musical fraseando con contrastes.	20%

### 1.1.50. Recursos didácticos

A selección do repertorio faise de acordo ao nivel do alumnado, facilitándolle o seu progreso dentro do proceso de enseñanza-aprendizaxe.

## Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

.....Practicarase a avaliación continua, considerando a evolución diaria do alumnado, independentemente de que se realice unha audición onde se mostre o nivel técnico e musical adquirido mediante a interpretación da obra ou estudio escollido polo docente. Individualmente ou de forma colectiva, contrastaranse opinións (crítica construtiva) nun posterior debate no que participarán tódolos alumnos e alumnas do curso da mesma especialidade.

## Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

---

.....Os integrantes do departamento estarán atentos ao grao de cumprimento das respectivas programacións didácticas, así como da evolución de cada un dos alumnos e alumnas que cursan as materias impartidas. Nas reunións departamentais teranse en conta os indicadores de calidade de ensinanza, que marcarán as seguintes actuacións:

- Grao de cumprimento da programación didáctica
- Nivel de participación e asistencia ás clases
- Relación de resultados cuantitativos obtidos a curto prazo
- Número de actividades postas en marcha.
- Valoración positiva por parte do profesor.
- Grao de eficacia das actividades deseñadas.

En vistas dos resultados obtidos, cada certo tempo pódense prever actuacións escolares e extraescolares específicas que fomenten a consecución de obxectivos marcados polas programacións. A este efecto pódense ofertar clases de apoio educativo, así como clases de apoio ao estudo que reforcen certos aspectos que demande o alumnado. Despois de cada avaliación trimestral realizaranse estudos de porcentaxes de resultado, sometendo a debate a posibles liñas de actuación, así como a posibilidade de ofrecer métodos de recuperación alternativos. Ao remate do curso realizarase unha memoria final na que se faga unha reflexión profunda sobre o grao de cumprimento da programación, así como as actuacións que foron ou que serán precisas para o futuro para o correcto funcionamento do departamento. Adxuntaranse igualmente as porcentaxes de resultados por materias e a relación de actividades paralelas desenvolvidas.

En canto a autoavaliación do departamento:

- a) Reparto de enquisas entre o alumnado con cuestión coma o seu nivel de satisfacción coa materia e o seu nivel de comprensión da mesma.
- b) Estadísticas comparativas dos resultados entre diferentes alumnos, incluíndo distintos anos e profesores.

En base ós resultados destas actividades, implementaranse as medidas correctoras oportunas.

## ANEXOS

---

### Rúbricas



**Caderno docente e rúbrica - Curso: 1º GE - trombón**

\_\_\_/\_\_\_/\_\_\_

**falta**

CA	CC	MÍNIMOS ESIXIBLES	1-4	5-6	7-8	9-10	Pon
CA1	10%	Tocar 3 fragmentos curtos mantendo o pulso, nun rexistro medio: entre Do 2 a Do 3 para trombón; entre Sib 2 e Sib 3 en trombón. Tempo: negra = 60, figuras de brancas e negras. Tonalidade de Do Maior para trombón e Fa Maior para trombón.	A súa lectura non é fluída e provoca paróns no discurso musical.	Erros de lectura. Mantén o discurso aínda que o pulso non.	Erros de lectura puntuais, o seu discurso é fluído e mantén o tempo.	Non comete erros de lectura e demostra seguridade na súa interpretación.	
CA2	20%	Interpretar 3 exercicios técnicos propostos ao longo do curso de memoria e 1 obra en audición pública ou proba.	Non é capaz de memorizar ningún fragmento musical.	Memoriza fragmentos de obras do nivel.	Memoriza, ao menos, unha obra ou estudo completos.	E capaz de memorizar varias obras ou estudos.	
		Interpretar os estudos exixidos mantendo o discurso e respetando a respiración e o pulso.	Non mantén un pulso estable e as dificultades rítmicas provocan continuos paróns. Non presta atención á respiración e a súa interpretación vese afectada negativamente	A pesar de ter dificultades nos pasaxes rítmicos complexos é capaz de manter o pulso. O seu control sobre a respiración non é óptimo, pero suficiente para o aceptable.	A súa execución é rítmicamente correcta, mantén o pulso, aínda que en ocasións falta precisión. Xeneralmente controla a súa respiración e mantén unha columna de aire firme.	Sempre mantén o pulso, incluso nos pasaxes de complexidade rítmica. A súa execución é precisa. Sempre controla a respiración, con un soporte abdominal correcto e a columna de aire é sólida.	
CA3	20%	Interpretar unha obra por avaliación adaptada ao nivel, como mínimo, nunha audición pública ou proba técnica respetando as articulacións, as dinámicas como primeiros elementos diferenciadores de estilo.	Non respeta as indicacións da partitura relativas á articulación. O emprego da lingua e embocadura non son eficientes. Na súa interpretación non hai diferenza entre as dinámicas.	Normalmente respeta as articulacións, pero a súa execución, polo mal uso de lingua ou embocadura, vese afectada no discurso ou sonoridade. Aprécianse cambios na dinámica, pero son descontrolados e desafina.	Respeta as indicacións escritas, execútaas con eficacia da musculatura facial e lingua. Os cambios de articulación non dificultan a interpretación. Emprega as dinámicas, pero non fai un uso rico en contrastes.	Saca máximo partido ás articulacións e enriquece a súa interpretación adecuando a articulación ao estilo. Embocadura e lingua traballan coordinadas. A súa interpretación é rica en matices e aproveita ao máximo as dinámicas.	
CA4	10%	Recoñecer e describir na interpretación de outros compañeiros as variacións de dinámica, respiración, calidade do son e a precisión na emisión e verbalizar suxestións básicas que axudarían a mellorar esa ou a súa interpretación.	Non valora de forma concreta ningún aspecto interpretativo ou técnico.	fala de xeneralidades pero describe algúns aspectos obxectivamente.	Describe con adxetivos case todos os aspectos a valorar.	Valora de forma precisa e rica na linguaxe técnica aspectos técnicos e expresivos.	
CA5	10%	Empregar a técnica básica do instrumento: posición do corpo e afinación.	Ten problemas de posición que afectan negativamente á sonoridade: cabeza baixa, tensión nas mans. Desafina constantemente e non é capaz de percibir e/ou corrixir a desafinación.	Ten problemas posturais, pero é capaz de obter unha sonoridade aceptable. Capaz de manter a afinación, pero cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación afectan	Non ten excesivos problemas posturais e a súa tensión corporal no afecta á sonoridade. Xeneralmente a súa afinación é correcta, aínda que en ocasións vese afectada.	Controla a súa posición corporal e aproveita ao máximo o seu físico para obter a mellor sonoridade e execución. Afina en todos os rexistros e dinámicas. Controla a afinación durante a interpretación.	
		Preparar na casa cada clase, seguindo as pautas marcadas: tempo de estudo, dedicación a cada apartado, e observarse na clase a preparación da mesma, tamén cubrindo de forma ordenada e precisa, con axuda dos pais, o diario de estudo.	Non organiza o estudo nin adica i tempo necesario. Non mostra esforzo, interese pola materia nin respecto hacia profesor e compañeiros.	Solo estuda aquilo que lle gusta tocar e sen profundizar nin planificalo. Rexeita cooperar ou facer máis ca o mínimo.	Estuda regularmente, aínda que podería aproveitar mellor o tempo. Colabora con profesor e compañeiros, adaptese ao grupo e interese pola súa progresión.	Estuda regularmente e emprega técnicas de estudo proveitosas. Axuda aos demais e trata de mellorar sempre o rendemento seu e o de todo o grupo.	
		Traer de forma regular o material, instrumento e ter coidado do mesmo, con orde e limpeza.	O mantemento do instrumento non existe.	O mantemento do instrumento é escaso.	Instrumento está case a punto.	Ten o instrumento sempre a punto.	
CA6	20%	Interpretar unha obra por avaliación adaptada ao nivel, nunha audición pública ou proba, respetando a partitura, a súa agónica e estilo e con un son en xeral homoxéneo e estable.	Non respeta as normas que comporta a interpretación en público. A súa interpretación é distante e fría. A súa sonoridade é pobre e é incapaz de controlar	Respeta as normas de protocolo, pero a interpretación é fría e non busca comunicación co público. Son apagado ou chillón e os cambios de	A súa presenza no escenario é correcta, busca comunicar co público aínda que non é óptimo o resultado. Bo son, pero falta homoxeneidade nos diferentes rexistros.	Domina o espazo escénico, se é necesario, fala con claridade e a súa interpretación encontra comunicación e proximidade co público. Obtén unha sonoridade rica en todos os rexistros e nunca	

			a produción do son. Non presta atención ao fraseo. Só hai notas e ritmo, sen línea de expresión nin estilo.	rexistro afectan. Mantén ou entende a estrutura do fraseo, pero non es coherente nin toca no estilo.	Xeneralmente entende a estrutura e é capaz de mostrar as súas ideas musicais no estilo.	perde a calidade. Sempre entende a estrutura e é capaz de tocar con fraseos, moita expresión e no estilo.	
CA7	10%	Participar nas dinámicas de aula da clase colectiva: exercicios técnicos e ensaios colectivos e preparar na casa a súa parte para non entorpecer o ensaio do grupo.	Non mostra esforzo, interese pola materia nin respecto hacia profesor e compañeiros.	Rexeita cooperar ou facer máis ca o mínimo.	Colabora con profesor e compañeiros, adáptase ao grupo e interésase pola súa progresión.	Axuda aos demais e trata de mellorar sempre o rendemento seu e o de todo o grupo.	

## Caderno docente e rúbrica - Curso: 2º GE - trombón

\_\_\_/\_\_\_/\_\_\_

**falta**

CA	CC	MÍNIMOS ESIXIBLES	1-4	5-6	7-8	9-10	Pon
CA1	10%	Tocar un mínimo de 3 fragmentos por avaliación curtos, de ata 8 compases, a 60 de velocidade, respectando alturas, ritmo e con un tempo practicamente estable. Empregarase a combinación de figuras en unha tesitura media: de Do 2 a Do 3 para trombón; de Sib 2 e Sib 3 en trombón.	A súa lectura non é fluida e provoca paróns no discurso musical.	Erros de lectura. Mantén o discurso aínda que o pulso non.	Erros de lectura puntuais, o seu discurso é fluido e mantén o tempo.	Non comete erros de lectura e demostra seguridade na súa interpretación.	
CA2	20%	Interpretar 2 exercicios técnicos propostos por avaliación de memoria.	Non é capaz de memorizar ningún fragmento musical.	Memoriza fragmentos de obras do nivel.	Memoriza, ao menos, unha obra ou estudo completos.	E capaz de memorizar varias obras ou estudos.	
		Interpretar as escalas maiores a unha oitava de Do Maior e Fa M para trombón e Fa M e Sib M para trombón: tempo negra = 60, figura de branca. Legato. Tesitura: trombón, La1 - Re3; trombón: La2 - Sib3. Sen erros nin paradas. Interpretar os estudos mantendo o discurso, con articulacións e dinámicas fixadas.	Non mantén un pulso estable e as dificultades rítmicas provocan continuos paróns. Non presta atención á respiración e a súa interpretación vese afectada negativamente	A pesar de ter dificultades nos pasaxes rítmicos complexos é capaz de manter o pulso. O seu control sobre a respiración non é óptimo, pero suficiente para o aceptable.	A súa execución é rítmicamente correcta, mantén o pulso, aínda que en ocasións falta precisión. Xeneralmente controla a súa respiración e mantén unha columna de aire firme.	Sempre mantén o pulso, incluso nos pasaxes de complexidade rítmica. A súa execución é precisa. Sempre controla a respiración, con un soporte abdominal correcto e a columna de aire é sólida.	
CA3	20%	Interpretar unha obra por avaliación adaptada ao nivel, como mínimo, nunha audición pública ou proba técnica respetando as articulacións, as dinámicas como primeiros elementos diferenciadores de estilo.	Non respeta as indicacións da partitura relativas á articulación. O emprego da lingua e embocadura non son eficientes. Na súa interpretación non hai diferenza entre as dinámicas.	Normalmente respeta as articulacións, pero a súa execución, polo mal uso de lingua ou embocadura, vese afectada no discurso ou sonoridade. Aprécianse cambios na dinámica, pero son descontrolados e desafina.	Respeta as indicacións escritas, execútaas con eficacia da musculatura facial e lingua. Os cambios de articulación non dificultan a interpretación. Emprega as dinámicas, pero non fai un uso rico en contrastes.	Saca máximo partido ás articulacións e enriquece a súa interpretación adecuando a articulación ao estilo. Embocadura e lingua traballan coordinadas. A súa interpretación é rica en matices e aproveita ao máximo as dinámicas.	
CA4	10%	Recoñecer e describir na interpretación de outros compañeiros rasgos técnicos básicos: dinámica, afinación, tempo, son, afinación e emisión do son e verbalizar suxestións básicas que axudarían a mellorar esa ou a súa interpretación.	Non valora de forma concreta ningún aspecto interpretativo ou técnico.	fala de xeneralidades pero describe algúns aspectos obxetivamente.	Describe con adxetivos case todos os aspectos a valorar.	Valora de forma precisa e rica na linguaxe técnica aspectos técnicos e expresivos.	
CA5	10%	Interpretar a técnica básica con progresión continua en canto a rexistro, son e articulación (rexistro para trombón: Do 2 ata Mi 3; rexistro para trombón: Fa 2 ata Sib 3); exercicios de flexibilidade, negra = a 60, figura de branca, negra, legato; exercicios rítmicos, con negra = a 60, de negra con tempo estable e son bonito.	Ten problemas de posición que afectan negativamente á sonoridade: cabeza baixa, tensión nas mans. Desafina constantemente e non é capaz de percibir e/ou corrixir a desafinación.	Ten problemas posturais, pero é capaz de obter unha sonoridade aceptable. Capaz de manter a afinación, pero cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación afectan	Non ten excesivos problemas posturais e a súa tensión corporal no afecta á sonoridade. Xeneralmente a súa afinación é correcta, aínda que en ocasións vese afectada.	Controla a súa posición corporal e aproveita ao máximo o seu físico para obter a mellor sonoridade e execución. Afinación en todos os rexistros e dinámicas. Controla a afinación durante a interpretación.	

		Preparar na casa cada clase, seguindo as pautas marcadas: tempo de estudo, dedicación a cada apartado, e observarse na clase a preparación da mesma, tamén cubrindo de forma ordenada e precisa, con axuda dos pais, o diario de estudo.	Non organiza o estudo nin adica i tempo necesario. Non mostra esforzo, interese pola materia nin respecto hacia profesor e compañeiros.	Solo estuda aquilo que lle gusta tocar e sen profundizar nin planificalo. Rexeita cooperar ou facer máis ca o mínimo.	Estuda regularmente, aínda que podería aproveitar mellor o tempo. Colabora con profesor e compañeiros, adáptase ao grupo e interesase pola súa progresión.	Estuda regularmente e emprega técnicas de estudo proveitosas. Axuda aos demais e trata de mellorar sempre o rendemento seu e o de todo o grupo.
		Traer de forma regular o material, instrumento e ter coidado do mesmo, con orde e limpeza.	O mantemento do instrumento non existe.	O mantemento do instrumento é escaso.	Instrumento está case a punto.	Ten o instrumento sempre a punto.
CA6	20%	Interpretar en público 1 obra curta por avaliación, unha de memoria, en audición o proba técnica diferentes, do nivel, con seguridade, precisión e control. E conseguir manter un tempo estable, un son non nasal de forma maioritaria e sen que se aprecien dúbidas constantes en canto á estrutura ou ás notas.	Non respeta as normas que comporta a interpretación en público. A súa interpretación é distante e fría. A súa sonoridade é pobre e é incapaz de controlar a produción do son. Non presta atención ao fraseo. Só hai notas e ritmo, sen liña de expresión nin estilo.	Respeta as normas de protocolo, pero a interpretación é fría e non busca comunicación co público. Son apagado ou chillón e os cambios de rexistro afectan. Mantén ou entende a estrutura do fraseo, pero non es coherente nin toca no estilo.	A súa presenza no escenario é correcta, busca comunicar co público aínda que non é óptimo o resultado. Bo son, pero falta homoxeneidade nos diferentes rexistros. Xeneralmente entende a estrutura e é capaz de mostrar as súas ideas musicais no estilo.	Domina o espazo escénico, se é necesario, fala con claridade e a súa interpretación encontra comunicación e proximidade co público. Obtén unha sonoridade rica en todos os rexistros e nunca perde a calidade. Sempre entende a estrutura e é capaz de tocar con fraseos, moita expresión e no estilo.
CA7	10%	Participar nas dinámicas de aula da clase colectiva: exercicios técnicos e ensaios colectivos e preparar na casa a súa parte para non entorpecer o ensaio do grupo.	Non mostra esforzo, interese pola materia nin respecto hacia profesor e compañeiros.	Rexeita cooperar ou facer máis ca o mínimo.	Colabora con profesor e compañeiros, adáptase ao grupo e interesase pola súa progresión.	Axuda aos demais e trata de mellorar sempre o rendemento seu e o de todo o grupo.

**Caderno docente e rúbrica - Curso: 3º GE - trombón**

\_\_\_/\_\_\_/\_\_\_

**falta**

CA	CC	MÍNIMOS ESIXIBLES	1-4	5-6	7-8	9-10	Pon

CA1	10%	Interpretar un mínimo de 1 estudo po avaliación, tonalidades ata 2 alteracións, a 60 de velocidade, respectando alteracións, velocidade, articulacións, ritmo e son. Interpretar un mínimo de 1 peza curta por avaliación, ata 2 alteracións, a 60 de velocidade, respectando alteracións, velocidade, articulacións, ritmo e son. Non deterse na interpretación a un tempo próximo ao proposto na partitura.	A súa lectura non é fluida e provoca parónes no discurso musical.	Erros de lectura. Mantén o discurso aínda que o pulso non.	Erros de lectura puntuais, o seu discurso é fluído e mantén o tempo.	Non comete erros de lectura e demostra seguridade na súa interpretación.
CA2	20%	Interpretar 2 exercicios técnicos por avaliación de memoria respectando medida, afinación, articulación e fraseos propostos.	Non é capaz de memorizar ningún fragmento musical.	Memoriza fragmentos de obras do nivel.	Memoriza, ao menos, unha obra ou estudo completos.	E capaz de memorizar varias obras ou estudos.
		Interpretar as escalas maiores a unha oitava de Do Maior, Reb M, Re M e Fa M para trombón e Fa M, Mib M, Sol M, Re M e Sib M para trombón: tempo negra = 60, figura de negra. Legato. Tesitura: trombón, Sol1 - Sol3; trombón: Fa2 - Fa4. Interpretar os estudos mantendo o discurso, con articulacións e dinámicas fixadas.	Non mantén un pulso estable e as dificultades rítmicas provocan continuos paróns. Non presta atención á respiración e a súa interpretación vese afectada negativamente	A pesar de ter dificultades nos pasaxes rítmicos complexos é capaz de manter o pulso. O seu control sobre a respiración non é óptimo, pero suficiente para o aceptable.	A súa execución é rítmicamente correcta, mantén o pulso, aínda que en ocasións falta precisión. Xeneralmente controla a súa respiración e mantén unha columna de aire firme.	Sempre mantén o pulso, incluso nos pasaxes de complexidade rítmica. A súa execución é precisa. Sempre controla a respiración, con un soporte abdominal correcto e a columna de aire é sólida.
CA3	20%	Interpretar unha obra por avaliación adaptada ao nivel, como mínimo, nunha audición ou proba. Unha de elas anterior ao s. XX. Empregar as articulacións, as dinámicas e o tempo como elementos diferenciadores de cada estilo. Debe existir diferenza entre as articulacións legato e staccato entre pezas do s. XX e anteriores.	Non respeta as indicacións da partitura relativas á articulación. O emprego da lingua e embocadura non son eficientes. Na súa interpretación non hai diferenza entre as dinámicas.	Normalmente respeta as articulacións, pero a súa execución, polo mal uso de lingua ou embocadura, vese afectada no discurso ou sonoridade. Aprécianse cambios na dinámica, pero son descontrolados e desafina.	Respeta as indicacións escritas, execútaas con eficacia da musculatura facial e lingua. Os cambios de articulación non dificultan aa interpretación. Emprega as dinámicas, pero non fai un uso rico en contrastes.	Saca máximo partido ás articulacións e enriquece a súa interpretación adecuando a articulación ao estilo. Embocadura e lingua traballan coordinadas. A súa interpretación é rica en matices e aproveita ao máximo as dinámicas.
CA4	10%	Recoñecer en 1 obra por avaliación escoitada, ao menos dúas gravadas o unha en directo, do seu instrumento, trazos técnicos básicos: dinámica, afinación, tempo, son, afinación e emisión do son e planos sonoros. Describir de maneira básica estes trazos característicos referidos a aspectos técnicos en comparación coa súa propia interpretación das pezas ou de esas elementos de maneira individual. Mostrar compromiso e interese por coñecer e diferenciar estes trazos característicos, e intentar incorporalos á súa interpretación.	Non valora de forma concreta ningún aspecto interpretativo ou técnico.	fala de xeneralidades pero describe algúns aspectos obxectivamente.	Describe con adxetivos case todos os aspectos a valorar.	Valora de forma precisa e rica na linguaxe técnica aspectos técnicos e expresivos.
CA5	10%	Interpretar a técnica básica con progresión continua en canto a rexistro, son e articulación (rexistro para trombón: Fa 1 ata Do 4; rexistro para trombón: Si natural 1 ata Sib 4): exercicios de flexibilidade, negra = a 60, figura de branca, negra e corchea, legato e staccato; exercicios rítmicos, con negra = a 60, de negra, corchea, con diferentes acentuacións, a cada dous, cada tres e cada catro) con tempo estable e son bonito.	Ten problemas de posición que afectan negativamente á sonoridade: cabeza baixa, tensión nas mans. Desafina constantemente e non é capaz de percibir e/ou corrixir a desafinación.	Ten problemas posturais, pero é capaz de obter unha sonoridade aceptable. Capaz de manter a afinación, pero cambios de dinámicas, rexistro ou de articulación afectan	Non ten excesivos problemas posturais e a súa tensión corporal no afecta á sonoridade. Xeneralmente a súa afinación é correcta, aínda que en ocasións vese afectada.	Controla a súa posición corporal e aproveita ao máximo o seu físico para obter a mellor sonoridade e execución. A fina en todos os rexistros e dinámicas. Controla a afinación durante a interpretación.
		Preparar na casa cada clase, seguindo as pautas marcadas: tempo de estudo, dedicación a cada apartado, e observarse na clase a preparación da mesma, tamén cubrindo de forma ordenada e precisa, con axuda dos pais, o diario de estudo. Demostrar preparación e precisión na primeira interpretación dos estudos durante o inicio de cada sesión. Demostrar unhas pautas de estudo ordenado.	Non organiza o estudo nin adica i tempo necesario. Non mostra esforzo, interese pola materia nin respecto hacia profesor e compañeiros.	Solo estuda aquilo que lle gusta tocar e sen profundizar nin planificalo. Rexeita cooperar ou facer máis ca o mínimo.	Estuda regularmente, aínda que podería aproveitar mellor o tempo. Colabora con profesor e compañeiros, adaptacióne ao grupo e interesase pola súa progresión.	Estuda regularmente e emprega técnicas de estudo proveitosas. Axuda aos demais e trata de mellorar sempre o rendemento seu e o de todo o grupo.
		Traer de forma regular o material, instrumento e ter coidado do mesmo, con orde e limpeza.	O mantemento do instrumento non existe.	O mantemento do instrumento é escaso.	Instrumento está case a punto.	Ten o instrumento sempre a punto.
CA6	20%	Interpretar en público 1 obra por avaliación curta, de memoria, en tres audicións o probas diferentes, do nivel, con seguridade, precisión e control. Demostrar seguridade na memorización da peza, con precisión nas notas. Mostrar naturalidade na exposición ao público, con respecto e seguindo as normas.	Non respeta as normas que comporta a interpretación en público. A súa interpretación é distante e fría. A súa sonoridade é pobre e é incapaz de controlar a produción do son. Non presta atención ao fraseo. Só hai notas e ritmo, sen línea de expresión nin estilo.	Respeta as normas de protocolo, pero a interpretación é fría e non busca comunicación co público. Son apagado ou chillón e os cambios de rexistro afectan. Mantén ou entende a estrutura do fraseo, pero non es coherente nin toca no estilo.	A súa presenza no escenario é correcta, busca comunicar co público aínda que non é óptimo o resultado. Bo son, pero falta homoxeneidade nos diferentes rexistros. Xeneralmente entende a estrutura e é capaz de mostrar as súas ideas musicais no estilo.	Domina o espazo escénico, se é necesario, fala con claridade e a súa interpretación encontra comunicación e proximidade co público. Obtén unha sonoridade rica en todos os rexistros e nunca perde a calidade. Sempre entende a estrutura e é capaz de tocar con fraseos, moita expresión e no estilo.
CA7	10%	Participar nas dinámicas de aula da clase colectiva: exercicios técnicos e ensaios colectivos. Traer o material a cada clase, ordenado e coidado, así como o seu instrumento e demais elementos (trapos, boquilla, coxín, etc.). Preparar na casa a súa parte para non entorpecer o ensaio do grupo. Adaptar a afinación, precisión rítmica e demais aspectos técnicos ao grupo	Non mostra esforzo, interese pola materia nin respecto hacia profesor e compañeiros.	Rexeita cooperar ou facer máis ca o mínimo.	Colabora con profesor e compañeiros, adaptacióne ao grupo e interesase pola súa progresión.	Axuda aos demais e trata de mellorar sempre o rendemento seu e o de todo o grupo.

**Caderno docente e rúbrica - Curso: 1º GE - trombón**

\_\_\_/\_\_\_/\_\_\_

**falta**



CA	CC	MÍNIMOS ESIXIBLES	1-4	5-6	7-8	9-10	Pon
CA1	10%	Interpretar un mínimo de 1 estudo por avaliación, tonalidades maiores ata 2 alteracións, a 60 de velocidade, respectando alteracións, velocidade, articulacións, ritmo e son. Interpretar un mínimo de 1 peza curta por avaliación, ata 4 alteracións, a 60 de velocidade, respectando alteracións, velocidade, articulacións, ritmo e son. Non deterse na interpretación a un tempo próximo ao proposto na partitura.	A súa lectura non é fluída e provoca parónes no discurso musical.	Erros de lectura. Mantén o discurso aínda que o pulso non.	Erros de lectura puntuais, o seu discurso é fluído e mantén o tempo.	Non comete erros de lectura e demostra seguridade na súa interpretación.	
CA2	20%	Interpretar 2 exercicios técnicos por avaliación de memoria respectando medida, afinación, articulación e frases propostos.	Non é capaz de memorizar ningún fragmento musical.	Memoriza fragmentos de obras do nivel.	Memoriza, ao menos, unha obra ou estudo completos.	E capaz de memorizar varias obras ou estudos.	
		Interpretar as escalas maiores a unha oitava: tempo negra = 60, figura de corchea. Legato e staccato. Tesitura: trombón, Sol1 - Sol3; trombón: Fa2 - Fa4. Interpretar os estudos mantendo o discurso, con articulacións e dinámicas fixadas.	Non mantén un pulso estable e as dificultades rítmicas provocan continuos paróns. Non presta atención á respiración e a súa interpretación vese afectada negativamente	A pesar de ter dificultades nos pasaxes rítmicas complexos é capaz de manter o pulso. O seu control sobre a respiración non é óptimo, pero suficiente para o aceptable.	A súa execución é rítmicamente correcta, mantén o pulso, aínda que en ocasións falta precisión. Xeneralmente controla a súa respiración e mantén unha columna de aire firme.	Sempre mantén o pulso, incluso nos pasaxes de complexidade rítmica. A súa execución é precisa. Sempre controla a respiración, con un soporte abdominal correcto e a columna de aire é sólida.	
CA3	20%	Interpretar unha obra por avaliación adaptada ao nivel, como mínimo, nunha audición ou proba. Unha de elas anterior ao s. XX. Empregar as articulacións, as dinámicas e o tempo como elementos diferenciadores de cada estilo. Debe existir diferenza entre as articulacións legato e staccato entre pezas do s. XX e anteriores.	Non respecta as indicacións da partitura relativas á articulación. O emprego da lingua e embocadura non son eficientes. Na súa interpretación non hai diferenza entre as dinámicas.	Normalmente respecta as articulacións, pero a súa execución, polo mal uso de lingua ou embocadura, vese afectada no discurso ou sonoridade. Aprécianse cambios na dinámica, pero son descontrolados e desafina.	Respecta as indicacións escritas, execútaas con eficacia da musculatura facial e lingua. Os cambios de articulación non dificultan a interpretación. Emprega as dinámicas, pero non fai un uso rico en contrastes.	Saca máximo partido ás articulacións e enriquece a súa interpretación adecuando a articulación ao estilo. Embocadura e lingua traballan coordinadas. A súa interpretación é rica en matices e aproveita ao máximo as dinámicas.	
CA4	10%	Recoñecer 1 obra escoitada por avaliación, ao menos dúas gravadas ou unha en directo, do seu instrumento ou non, trazos técnicos básicos: dinámica, afinación, tempo, son, afinación e emisión do son e planos sonoros. Describir de maneira básica estes trazos característicos referidos a aspectos técnicos. escoitar de maneira habitual versión do seu repertorio ou outro aínda non abordado por el. Mostrar compromiso e interese por coñecer e diferenciar estes trazos característicos, e intentar incorporalos á súa interpretación.	Non valora de forma concreta ningún aspecto interpretativo ou técnico.	fala de xeneralidades pero describe algúns aspectos obxetivamente.	Describe con adxetivos case todos os aspectos a valorar.	Valora de forma precisa e rica na linguaxe técnica aspectos técnicos e expresivos.	
